



SAT REY DE MIÑOTELO. A PASTORIZA (LUGO)



Alberto Iglesia, cunha das súas vacas top Rey 747 July High Octane

Entre bambolinas: amor, esforzo e mellora continua

Ver as frisonas da SAT Rey de Miñotelo pisar con forza e estilo as pistas máis concorridas do panorama nacional é xa habitual para os afeccionados aos concursos morfolóxicos desta raza, pero... que hai detrás destes eventos e dos títulos conseguidos? Alberto Iglesia, un dos seus propietarios, comparte con nós o día a día destes animais e do resto do seu rabaño.

Localización: A Pastoriza (Lugo)

Propietarios: José Iglesia, Elvira Vila, Alberto Iglesia e Esteban Iglesia

N.º total de animais: 410

Vacas en muxidura: 190

Media de produción: 36 litros/vaca/día

Percentaxe de graxa: 4,25-4,30 %

Percentaxe de proteína: 3,30-3,40 %

RCS: 180.000 cél./ml

Venda do leite: Inleite

Aos seus 30 anos Alberto Iglesia vén de sumar catro vitorias consecutivas nos certames rexionais galegos da raza frisona e o palmarés da súa gandería, SAT Rey de Miñotelo (A Pastoriza, Lugo), reconta cada ano grandes títulos, entre competicións locais, rexionais e nacionais.

A súa afección polas vacas de concurso e por participar neste tipo de convocatorias remóntase aos anos 90, cando sendo un neno, o seu pai, José Iglesia, o levaba aos eventos da comarca. “O primeiro concurso no que participamos con animais –lembra– foi a Moexmu de 2004, á que le-

vamos catro xatas. O seguinte ano animámonos a competir no rexional galego e alí foi onde nos seleccionaron unha vaca para unirse ao grupo que representaría a Galicia no seguinte concurso nacional”.

A partir dese momento comezaron pouco a pouco a pisar as pistas con xovencas e tamén vacas en lactación e, ano tras ano, xa son 18 os que levan participando neste tipo de shows.

Alberto Iglesia é claro e conciso á hora de recoñecer o aspecto que máis lle gusta de todo este mundo: “Gañar”, asegura entre risas. Así, atravesamos agora un dos momentos máis doces de toda a súa traxectoria como concursante, pero detrás de todos os logros da actualidade hai tamén moito esforzo, constancia, sacrificio e moitos anos de palmarés a cero. “A xente pensa que gañei sempre, pero é que antes de empezar a gañar, eu pasei 10 anos seguidos perdendo. Desde 2004, a primeira vez que vencemos foi en Muimenta en 2014. Todo ese proceso, para min, dálle moito máis valor ao que é gañar”.

► "ANTES DE EMPEZAR A GAÑAR, EU PASEI 10 ANOS SEGUIDOS PERDENDO"

2004-2022, CASE VINTE ANOS NAS PISTAS



Primeira Moexmu na que participaron só con xatas en 2004

Alberto Iglesia e o seu pai, José Iglesia, no certame de Vegadeo (Asturias), tamén en 2004



Foto de familia con Rey 547 Sonrisa Sid, frisona coa que conseguiron o gran campionato de vacas catro veces consecutivas na Moexmu 2014 (foto), 2015, 2016 e 2017



Vencen no rexional galego de 2018 con Rey 642 Yudi Doorman



Subiron ao podio do rexional de Galicia 2019 con Rey 747 July High Octane



Rey de Miñotelo consegue a vitoria con Rey 814 Beemer Yuri no rexional galego de 2021



Rey 1014 Moovin Sony ET, xovenca gran campiona no nacional de 2021



Rey 814 Beemer Yuri revalida o seu título de gran campiona galega no último rexional, celebrado en abril



Schäffer
IBÉRICA
AGRÍCOLA

Schäffer
Alta Calidad Alemana Asegurada!



SIEPLO®
FEEDING SYSTEMS OF THE FUTURE



NOVEDAD
CAZO
DISTRIBUTOR
FORRAJE



NOVEDAD
CAZO UNIFEED



Westermann
Reinigungstechnik

Tel. (+34) 985 634 238

Schäffer Ibérica • info@schaffer-iberica.com

www.schaffer-iberica.com

► “A DÍA DE HOXE ONDE MÁIS MARXE DE MELLORA TEMOS É EN UBRES”

Subiu ao podio da Moexmu coa vaca gran campiona en seis das últimas sete edicións, gañou o gran campionato en seis concursos rexionais galegos, os últimos catro seguidos, e é rara a vez que forma parte dalgún certame e que non consegue alzarse con escarapelas de xatas campiónas, xovencas campiónas, vacas novas, intermedias e adultas campiónas ou títulos de mellor criador e de mellor rabaño.

Durante a nosa visita á granxa entramos á oficina da gandería e na vitrina dedicada aos trofeos xa non había sitio para colocar ningún máis. Alberto chegounos a recoñecer que “os últimos premios aínda están en caixas, pois non teño moito espazo”.

HOTELS DE LUXO PARA AS MÁIS VIP

É fácil realizar o relato de premios, pero non tan sinxelo é preparar os animais para despuntar nas pistas. Segundo nos detalla, “as xatas máis sobresalientes da gandería sepáranse desde que teñen catro meses e permanecen toda a súa vida nuns currais específicos para os animais de concurso ata que paren. Entre as vacas, as dúas ou tres máis *top* tamén as mantemos separadas os 365 días do ano cunha ración diferente, unha cama distinta e un manexo especial con respecto ao resto. O único que fan como as outras é que se moxen na mesma sala”.

Ademais das xatas seleccionadas e das frisonas máis destacadas, en Rey de Miñotelo contan con outro grupo de vacas, que tamén van a concurso, pero “que non son das *top* –di Alberto–”, e que se apartan do resto do rabaño só tres ou catro meses antes da chegada do concurso ao que asistirán. “De todas elas, semanas antes do certame, seleccionamos finalmente as que viaxan. En función do concurso ao que vaiamos, facemos esa elección, pois non levamos as mesmas vacas a un concurso local que a un nacional, por exemplo”, apunta o gandeiro.

Dedicaron gran parte da nave nova ás suites das vacas de concurso



As produtoras descansan en camas de area que acondicionan tres veces ao día

Estes animais descansan en boxes moi amplos, con camas de viruta e unha alimentación con base en “fibra longa a libre disposición as 24 horas do día e tres tomas de penso ao día, á mañá, ao mediodía e á noite. Son racións moi altas en fibra e en proteína, e moi baixas en enerxía, para que produzan moito leite e ao mesmo tempo se manteñan en moi boa condición corporal, en bo estado de forma”, explica Alberto.

Camas especiais, alimentación adaptada e un moi bo coidado físico, sobre todo dous meses antes dos eventos: “Adoitamos pelalas a miúdo, cada tres ou catro semanas, e lavalas unha ou dúas veces á se-

mana. Aproveitamos eses momentos –afirma– para adestralas a pasear e nós perfeccionar o noso manexo en pista. Cando xa están afeitadas é máis fácil, pero, cando é a primeira vez que van participar, custa moito máis traballo”.

Neste senso, Alberto Iglesia subliña que os concursos lle teñen dado moitas alegrías, pero que tamén “por eles sacrificas moitos aspectos tanto da túa vida persoal como da túa vida profesional. A maiores, os días dos concursos, a xente que queda á fronte da granxa ten que facer un esforzo extra para suplir todo o traballo que facemos os que nos ausentamos para gozar dos eventos”. ►►

Dale un toque de Einstein a tu receta con MilkTaxi 4.0



Nuevas herramientas de soporte más inteligentes



Detección inalámbrica para cada puesto



Cálculo de toma para cada puesto




Medición precisa de la materia seca de la leche entera



Cálculo de cantidad agua / sustituto de leche



Función de estadísticas



Pantalla digital de nivel de llenado

Delegado
Miguel Sá: 00351919028774
www.holm-laue.com

Holm & LAUE

Cosmolabor: +351 964 139 487 • Luciano Fernández: 0034 626 983 049 • Prior 981774500
• Albaitaritz: 0034 948 50 03 43 • Trivic: 0034 938 86 62 99

Os tres piares da granxa son a xenética, a alimentación e o manexo



As vacas de leite deben superar os 26 litros ao día para ser rendibles ante a situación actual dos prezos

► “SE CONSEGUIMOS VARIAS IRMÁS COMPLETAS, XENOTIPÁMOLAS E ASÍ SELECCIONAMOS A CAL LLEIMOS EXTRAER EMBRIÓNS”

e nos últimos sete anos logramos moitos máis premios. Ademais, nos meus inicios concursaba xente que para min eran ídolos, como pode ser Cristiano Ronaldo para un neno ao que lle gusta o fútbol, e co paso do tempo tiveron a oportunidade de traballar con eles, compartir viaxes, preparar animais xuntos e mesmo ser amigos”.

TIPO E, SOBRE TODO, UBRES

Todas as palmadas de vitoria que levan recibido as frisonas de Rey de Miñotelo nas pistas foron conseguidas grazas ao traballo constante de Alberto, dos seus pais, José Iglesia e Elvira Vila e, tamén agora, do seu irmán Esteban Iglesia, recentemente incorporado á Sociedade Agraria de Transformación.

Alberto destaca que “na mellora xenética xa viñan facendo fincapé os meus pais antes da miña incorporación á gandería no ano 2009 e este aspecto xoga un papel dos importantes na nosa xestión, sempre da man dun bo manexo e dunha boa alimentación”.

Decántase por touros equilibrados, con base en tipo e ubres. Subraia que “a día de hoxe onde máis marxe de mellora temos é en ubres e niso estamos traballando”. O 100 % das doses que usa proveñen de sementais canadenses ou americanos e está a facer unha boa aposta pola xenómica: “Utilizamos un 80 % de touros xenómicos e un 20 % de probados. Ao seleccionar xenómicos con índices moi altos, aínda que a súa proba faga descender as súas cifras seguen a ser touros con moi bos datos”.

O seu rabaño responde na gran maioría dos casos á raza holstein, aínda que si está botando man do cruzamento industrial en moitas xovencas, pois “agora mesmo temos moita recría, moita máis da que necesitamos, porque non queremos crecer. Utilizamos nalgún caso semente de carne para a venda de xatos”.

Cre que este tipo de convocatorias son “importantes para o sector, porque lle damos a coñecer ao resto da sociedade como traballamos cos animais, como os coidamos e como os preparamos para eses días. Non ten nada que ver a gandería actual coa que había hai 40 ou 50 anos. As vacas viven en auténticos hoteis de luxo”. Ademais, para Alberto, as pistas convertéronse nun dos seus maiores hobbies e “supoñen tamén un bo márketing para a granxa. En cada concurso, móstrolle á xente de toda España, mesmo de Europa, agora que as redes sociais facilitan tanto a comunicación, o que estou facendo, a mellora xenética que estou levando adiante na miña explo-

tación”. Grazas a isto, está tendo demanda de embrións das vacas gañadoras e das súas familias: “A familia da última vaca que gañou este pasado rexional galego, Rey 814 Beemer Yuri, é moi boa transmisora, pois non é que saíse unha vaca boa, é que todas as súas vacas están gañando concursos”.

De todo o que rodea a estes shows morfolóxicos da raza holstein, Alberto Iglesia quédase coa mellora conseguida durante todos estes anos e con toda a xente que puido coñecer ao longo deste tempo. “Eu levántome cada día pensando en mellorar un pouquiño máis. Comezamos a participar –resume– en 2004, o primeiro concurso que gañamos foi en 2014

¡Ventila tus problemas!



¿El calor y la humedad suponen un problema para el bienestar de tus animales y su producción?

Los sistemas de ventilación e irrigación permiten combatir el estrés térmico evitando el descenso de la producción y los problemas de concepción. Desde Etxe Holz analizamos el diseño de tu explotación y te proponemos el sistema de ventilación que mejor se adapte a tu situación; ventiladores de gran tamaño (desde 3 hasta 7 metros de diámetro), sistemas de microirrigación, etc.



REDUCE EL ESTRÉS TÉRMICO



AUMENTA LA PRODUCCIÓN



MEJORA LA FERTILIDAD



COSTE AMORTIZACIÓN: 2 AÑOS



COW CONFORT ASEGURADO

¡No dudes en ponerte en contacto con nosotros!



JAVIER MURIAS

Asesor de alimentación e manexo en SAT Rey de Miñotelo

"INTÉNTASE TER UNHA ALIMENTACIÓN MOI SAUDABLE E QUE OS ANIMAIS DUREN O MÁXIMO POSIBLE"

Como foron os inicios nesta gandería?

Empezamos a traballar xuntos no ano 2007 porque había bastantes problemas reprodutivos. Comecei a desenvolver asesoramento en canto a alimentación e manexo e intentamos equilibrar o labor que implica a produción en si coa asistencia a concursos e a alta xenética.

Alberto foi sabendo compaxinar ben a xestión da gandería, da produción de leite, coa súa afección principal e logrou ir crescendo ano a ano. Naquel momento muxían unhas 65 vacas e a granxa triplicouse, pois hoxe estanse muxindo sobre 190.

En que consiste o seu asesoramento?

Para as vacas de produción estamos xestionando unha ración única baseada en silo de herba e silo de millo. Esta non é unha granxa superesixente en canto a nutrición. Inténtase ter unha alimentación moi saudable e que os animais duren o máximo posible, pois hai moita valoración xenética; debe ser unha produción rendible, pero non indo ao límite.

Nas vacas secas traballamos cunha ración estándar normal e no que si facemos fincapé é en estimular o consumo ao máximo posible para evitar problemas posparto e ter un bo inicio de lactación.

Logo tamén manexamos as distintas fases da recría. Ata os tres meses consomen leite e concentrado e a partir de aí xa iniciamos unha ración con forraxe ata os seis meses, xa que xa inxiren a ración das vacas de produción. Aí empezamos cunha ración específica para xovens con 50 % de forraxe e 50 % de concentrado. A medida que as xovens van medrando, imos incorporando cada vez máis forraxe e menos concentrado na ración, ata que na fase final poden estar cun 90 % de forraxe e un 10 % de concentrado. Cando lles quedan dous meses para o parto, pasan á ración de vacas secas.

Movémonos en torno aos 36 litros, cunhas moi boas calidades: 4,20-4,30 % de graxa e 3,30-3,40 % de proteína. Este leite á hora de vendelo tamén ten un valor engadido bastante alto.

En canto a manexo, centrámonos basicamente no arranque dos animais en produción, no tránsito da vaca seca a vaca acabada de parir e nos seus problemas metabólicos.

O encamado para nós é importantísimo, así como a distribución por lotes correctos, sen superpoboación.

Unha das claves da eficiencia na produción é o confort. Non renden o mesmo os animais que teñen un punto de consumo ou un cubículo por animal que aqueles que non poden comer ou deitarse cando eles queren; así o rendemento baixa unha barbaridade.

Insistimos constantemente neses parámetros para que isto non pase.

Por que cre necesario este tipo de asesoramento?

O gandeiro no seu día a día ten moitos traballos aos que dedicarse. A miña tarefa consiste en manter un control do que as vacas consomen e ter unha referencia da produción que alcanzan segundo o que están comendo. Noto que é unha deficiencia que hai na gran maioría das granxas, porque os datos seguen sendo a materia pendente deste sector, non se apunta o que se debería. O meu labor é ver se a vaca está sendo realmente rendible e iso podo comparalo con outras granxas. Se non hai alguén que se encargue diso, o gandeiro non vai estar comparando todos os días a súa rendibilidade.

TÉCNICAS REPRODUTIVAS PARA AXILIZAR A MELLORA XENÉTICA

"A última decisión para a selección xenética sempre a tomo eu, pero si que me asesoro con xente coñecida do sector e traballo cunha empresa especializada en reprodución para axilizar e optimizar a mellora xenética, con técnicas como a transferencia embrionaria ou a fecundación in vitro", confirma.

Os primeiros pasos coa transferencia embrionaria deunos xa hai 15

▶ "DE POUCO SERVE APOSTAR POR UN MOI BO NIVEL XENÉTICO SE TES UNHA MALA ALIMENTACIÓN OU UN MANEXO INCORRECTO"

anos e coa fecundación in vitro iniciáronse a traballar posteriormente, desde hai cinco máis ou menos. Iglesia explica que "este é o sistema de mellora xenética máis rápido. Compramos algúns embrións, sobre todo ao principio, e agora xa xestionamos os das nosas mellores vacas. Nun período relativamente corto de tempo, as femias do noso rabaño acaban sendo dos nosos animais máis sobresaíentes".

A maiores, o gandeiro pastoricense apunta que empezou tamén a xenotipar algúns dos seus exemplares, "aqueles que poden ter índices altos a tipo. Por exemplo, se conseguimos varias irmás completas, xenotípámoas e así seleccionamos a cal lle imos extraer embrións". Esta técnica tamén lles está axudando moito a seleccionar frisonas A2A2, xa que "o mercado está demandando embrións con esta característica e queremos ir dándolle resposta a esta liña".

A detección de celos, de momento, realízana á vista, pois non dispoñen de ningunha ferramenta electrónica específica para isto. En meses, cara ao verán, teñen programado colocarles a todos os animais sistemas de identificación con detector de celo para obter esta información.

Con todo, conseguen unha media de inseminacións por preñez de 2,3, en vacas, e de 1,4, en xovens. O intervalo entre partos aproxímase aos 425 días e os animais paren unhas 2,8 veces, de media. A primeira inseminación realízana aos 11 ou 12 meses, en función do desenvolvemento corporal das xovens. ▶▶

Entre os últimos touros que marcaron boas familias en Rey de Miñotelo, nomea a "Beemer, un bo touro para vacas, e Moovin ou Master, dos mellores do panorama actual para xovens. Tamén hai moitos outros touros non tan coñecidos que funcionan moi ben".

A súa media ICO mantense en 2.585 e a última cualificación morfolóxica sumou unha media de 84,5 puntos. Conta cun total de 8 vacas excelentes (EX) e de 70 moi boas (MB).

PROCROSS

MONTBELIARDE / HOLSTEIN / VIKINGRED
VIKINGRED / HOLSTEIN / MONTBELIARDE



SISTEMA DE CRUZAMIENTO DE 3 RAZAS

RENTABILIDAD
VITALICIA

+33%

PRODUCCIÓN
GRASA +
PROTEÍNA



COSTES
TRATAMIENTOS
DE SALUD

-26%

DÍAS
LONGEVIDAD

+147

REDUCCIÓN DE LA
MORTINATALIDAD



* Estudio de 10 años dirigido por la Universidad de Minnesota.
Resultados confirmados por el Journal of Dairy Science

Global Genetics Galicia
Teléfono: 619 760 916
galicia@globalgenetics.es


procross.info

Global Genetics
P.N. Európolis C/Londres 29A
28232 Las Rozas, Madrid
global@globalgenetics.es

As acabadas de nacer pasan os primeiros 15 días en boxes individuais



Descartan totalmente que a estratexia para acurtar os custos de produción pase por retocar a alimentación



A recría distribúese en diversos lotes segundo a idade



A alimentación das xatas está automatizada ata os 90 días que se destetan



EXQUISITO MANEXO OS 365 DÍAS DO ANO

A gandería Rey de Miñotelo, como xa nos comentaba anteriormente Alberto Iglesia, aséntase en tres piares fundamentais: a mellora xenética, a boa xestión da alimentación e o correcto manexo dos animais todos os días do ano. “Todos os puntos na súa medida son importantes –recalca–, de pouco serve apostar por un moi bo nivel xenético se tes unha mala alimentación ou un manexo incorrecto”.

Para este último alicerce da granxa distribúen as frisonas en dúas naves: unha construída no ano 2000, que duplicaron en 2008 para pasar de 60 cubículos a 100, con zona de paridei-

ra e posparto, e un establo novo que levantaron en 2019.

Desde esta última ampliación da gandería, o rabaño quedou dividido da seguinte maneira: na nave máis vella separan dous grandes lotes polo corredor de alimentación, a un lado manteñen as primíparas e algunha vaca de segundo parto e, ao outro lado, están as vacas adultas. Na instalación de máis recente creación encóntranse toda a recría, as vacas secas, as de posparto e o lote de animais de concurso, ademais dun lote de produción dunhas 60 vacas, porque non caben todas no establo vello. A maiores, apunta Alberto, “unhas 30 xovencas, elixidas ao azar

► “INTENTAMOS SELECCIONAR BEN AS NOSAS VACAS E ALIMENTALAS MELLOR AÍNDA CA ANTES, PORQUE DEBEMOS PRODUCIR MÁIS CON MENOS ANIMAIS”

cada ano, son recriadas nunha nave que temos a 2 km desde os seis ou sete meses ata que están próximas ao parto. Facémolo así para que teñen maior espazo e para que esa nave continúe en funcionamento”. ►►

DISTRIGEN, distribuidor en España de Sexing Technologies®, les informa de la reciente salida al mercado de Ultraplus, que supone una notable mejora de las tasas de fertilidad del semen sexado. A continuación, el comunicado emitido por Sexing Technologies®, para su presentación.



7 de abril de 2022
Navasota, Texas

Ultraplus™ - Yendo MUCHO MÁS ALLÁ para establecer el nuevo estándar en semen sexado.

Sexing Technologies®, la empresa líder en la tecnología del sexaje del semen, se complace en anunciar Ultraplus™. Una nueva tecnología de semen sexado, que agrega la más innovadora mejora al proceso de sexaje, Ultraplus™ resultando en las más altas tasas de concepción jamás vistas en la industria lechera. Disponible con más de un 90 por ciento del género deseado, Ultraplus™ está preparado para satisfacer la creciente demanda mundial de semen sexado, que se ha duplicado en los últimos cinco años.

“Ultraplus™ representa el siguiente nivel en nuestro compromiso continuo de ofrecer las soluciones tecnológicas más fiables para la industria”, dice Juan Moreno, Director Ejecutivo de Sexing Technologies®. “Va MÁS ALLÁ de nuestra tecnología original de semen sexado, proporcionando las tasas de concepción más altas en la historia de este producto, para así ayudar a nuestros clientes a alcanzar sus objetivos de rentabilidad y sostenibilidad”.

Este nuevo producto de semen sexado ofrece un aumento de fertilidad del 3% sobre Sexed ULTRA 4M® de Sexing Technologies®. Detrás de Ultraplus hay tres años de investigación y desarrollo en laboratorio. La mejora de la fertilidad se basa en datos de campo recopilados en 72 granjas, con 52 toros diferentes y en más de 15,000 inseminaciones de vacas en lactancia. Estos datos confirman que el mejorado Ultraplus™ es oficialmente el semen sexado con la más alta tasa de concepción, con un aumento del 14% sobre la tecnología inicial de semen sexado XY de Sexing Technologies® que fue lanzado en 2005.

Desde que el semen sexado llegó al mercado, Sexing Technologies® ha estado a la vanguardia de la tecnología y ha buscado constantemente formas de mejorar el proceso y, en consecuencia, los resultados de los ganaderos. Hasta el momento los productos ofrecidos eran SexedULTRA® con un aumento de fertilidad de un 8% en comparación con la tecnología antigua. Posteriormente, SexedULTRA 4M®, con otro aumento de fertilidad del 3% sobre el anterior. Y hoy, se presenta Ultraplus™ con una mejora adicional del 3% en la tasa de concepción.

El compromiso de Sexing Technologies® con el perfeccionamiento llevó al desarrollo de Ultraplus™, el semen sexado más fértil del mundo. Este aumento en la fertilidad se logró mediante el refinamiento del revolucionario proceso de sexado de Sexing Technologies®. Ultraplus™ está listo para satisfacer la creciente demanda de semen sexado, una tendencia que ha cobrado impulso en todo el mundo durante los últimos cuatro años, en una industria lechera en constante evolución.

Con 44 laboratorios propios y autorizados en 19 países, Sexing Technologies® es pionera en razas de leche y de carne. Además suministra más del 90% de todo el semen sexado vendido mundialmente. Con estos recursos, Sexing Technologies® se esfuerza por servir y ayudar a los ganaderos a lograr todos sus objetivos genéticos, al tiempo que ofrece rentabilidad y sostenibilidad a las ganaderías de leche y carne.

Ultraplus™
MUCHO MÁS ALLÁ



C/ Berrioazar, 21. Oficina 33
31013 Ansoáin (Navarra)

649 466 728
689 233 030

distrigen@distrigen.es
www.distrigen.es



Cultivan herba e millo en 70 ha e as colleitas son suficientes para alimentar o seu rabaño todo o ano



Cambiarán este verán a sala por unha 2x16 coa que acurtarán os tempos de muxido e obterán moitos máis datos

▶ AS VACAS ESTÁN ALCANZANDO UNHA MEDIA DE 36 LITROS POR DÍA

lotes de xatas segundo a súa idade, onde comezan a comer penso, palla e un pouco da ración das vacas de leite. Aliméntanse así ata os seis meses, nos que se lles empeza a subministrar unha ración para xatas, con 13 kg de silo de herba, 2,5 kg de palla e 2 kg de penso para xatas.

Cando están preñadas de sete meses pasan para o lote de secas e a súa alimentación compoñese de 8 kg de silo de millo, 4 kg de palla, 3 kg de silo de herba, 2,3 kg de penso e 5 kg de auga.

“Para as vacas en lactación, tanto do lote de adultas como de primíparas e de posparto, preparamos unha mestura con 26 kg de silo de millo, 16 kg de silo de herba e 11 kg de penso”, enumera Alberto. É unha única ración, que elaboran e proporcionan dúas veces ao día, á mañá e á tarde. A das secas prepáranas unha vez ao día e a das xovencas, cada dous.

O incremento xeneralizado dos prezos das materias primas estalles afectando na compra dos insumos, especialmente, desde principios de ano. Iglesia reconece que o prezo do penso escala día a día e con iso o prezo da ración, pero descarta totalmente que a estratexia para acurtar os custos de produción pase por retocar a alimentación dos seus animais. “Debe ser todo o contrario. Intentamos –explicanos– seleccionar ben as nosas vacas e alimentalas mellor aínda ca antes, porque debemos producir máis con menos animais. Se antes había que eliminar vacas producindo por debaixo dos 23 litros, agora teñen que saír do establo cando producen menos de 26 ou 27 litros, pois eses animais non son rendibles”.

A calidade das forraxes é outra das claves para a súa rendibilidade e lo-gran exercer un control sobre ela con producións propias. Dedicán 70 ha a cultivos de herba e millo e levan a cabo rotación de ambos nunhas 45 ha. O resto consérvano todo o ano en pradeira permanente. ▶▶

Os comedeiros contan con base de plaqueta no establo antigo e de resina no máis actual e os bebedeiros límpnanos cada dous días, “un día hixienizamos os 12 da parte vella e, ao seguinte, limpamos os 22 destoutra”, concreta o gandeiro.

Todos os corredores son evacuados con sistema de limpeza por arrobadeira de cable e o xurro é acumulado nun total de tres fosas, con capacidade para tres millóns e medio de litros.

Son tres os materiais que utilizan para as camas dos animais: area, palla e viruta. “As vacas en lactación –comenta Alberto– descansan sobre cubículos con cama de area; a recría, a enfermería e a parideira teñen camas de palla e as de concurso mantémolas en viruta”. Límpnanas tres veces ao día e encaman cada 10.

Para o benestar animal, o rabaño encóntrase facilmente con diversos rascadores salpicados ao longo das naves e, en canto ao estrés por calor, a explotación está localizada nun lugar moi ventilado e fresco co que “a ventilación é totalmente natural”, destaca.

A CALIDADE DA ALIMENTACIÓN, INTOCABLE

Os animais acabados de nacer en Rey de Miñotelo instálanse nuns boxes individuais os primeiros 15 días, nos que toman leite de vaca, auga e palla. Pasada esta primeira quincena, son distribuídos en tres lotes que xestiona automaticamente a amamentadora. Aliméntanse de leite, auga, penso e fibra a libre disposición.

Aos 90 días máis ou menos son destetados e colócanse nos diversos

BouMatic


PROMOCIÓN

Family

BlueMAX

LA MEJOR HIGIENE DE UBRE

CON LA FAMILIA BLUEMAX



Premium

¡Nunca hubo un producto como este! ¡BlueMAX Premium es el primer y único producto de higiene de la ubre en la industria lechera basado en dióxido de cloro listo para usar en pre y post ordeño sin necesidad de mezclar!



D Control

El sellador definitivo para el mejor acondicionamiento de la piel del pezón



Barrier

Rápida desinfección natural y barrera física entre ordeños



B Clean

Espuma limpiadora pre-ordeño de calidad superior con gran capacidad acondicionadora de la piel de los pezones y excelente capacidad espumante



Xtrem

Sellador acondicionador de la piel de los pezones con dióxido de cloro listo para usar

OFERTA EXCEPCIONAL
4+1, COMPRA 4 GARRAFAS Y OBTEN 1 DE REGALO*
Promoción válida hasta el 31 de Octubre de 2022

Grupanor - Cercampo S.A

Azufre 4
Torrejón de Ardoz
Madrid 28850

91 656 17 48 Mov.: 609 277 617
pedrojdiaz@grupacer.com



FRIOR S.L.

Pol. Industrial Pedrapartida
parcela 17

Coirós, A Coruña 15316

981 774 500 Mov.: 616 029 988
www.frior.es



Oferta disponible exclusivamente en España entre los distribuidores oficiales BouMatic, para todos los pedidos de los productos BlueMAX, Gladiator Barrier, Gladiator RTU, Udder Spray, Udder Dip, y Hexi Dip Supreme (20kg, 60kg, y 200/220 kg) aprobados entre el 1 de Febrero y el 31 de Octubre de 2022. Para obtener más información, contacte con su distribuidor BouMatic.



A SAT Rey de Miñotelo vista desde o aire

Nas últimas campañas conseguiron uns rendementos de 45.000 kg/ha, coa colleita do millo, e duns 20.000 kg/ha, coa de herba. “Chegamos a ser auto-suficientes para alimentar o rabaño e encargámonos nós de todos os traballos, menos do picado e da sementeira do millo”, confirma.

EN CRECEMENTO ATA HOXE

A gandería Rey de Miñotelo sempre se dedicou á produción de leite. Fundada xa polos bisavós de Alberto, foi pasando de xeración en xeración e agora os máis novos xa están tamén incorporados. O futuro está garantido, aínda que, como alerta o gandeiro, “atrasamos unha etapa de moita incerteza, parece que nos veñen anos complicados”.

Ata o ano 2000 as vacas permanecían trabadas nun establo no que só había espazo para 30 animais e o crecemento foi a tendencia xeral nestes 20 anos, pero agora chegaron a un punto no que apostan pola estabilidade: “É difícil predicir o que sucederá no sector a longo prazo porque os prezos que tiñamos no mes de marzo non se corresponden cos de abril. Antes firmabas coa industria contratos dun ano e a día

de hoxe asinas por un, dous ou tres meses, porque non sabes se nun ano poderás estar producindo ou estarás xa pechado”.

As vacas están alcanzando unha media de 36 litros por día e animal, cunha graxa que varía entre un 4,25 % e un 4,30 % e cunha proteína de entre 3,30 % e 3,40 %. Véndenlle toda a súa produción a Inleít.

PRÓXIMO PASO: CAMBIO DE SALA

O cambio máis inminente que afrontarán será a adaptación a unha nova sala de muxido, que achegará dúas vantaxes: aforro de tempo e moitos máis datos.

Na actualidade moxen as produtoras nunha sala 2x5 que instalaran na primeira ampliación do negocio, no ano 2000. Pasan en cada quenda, de mañá ou de tarde, unhas 190 vacas e tardan en muxilas todas entre catro horas e media e cinco, o que rouba gran parte da xornada.

A nova será unha 2x16, instalada xa con posibilidades de chegar a ser unha 2x20, “para adaptarse ao que poida deparar o futuro”, concreta Alberto. Esta incorporación, ademais de recortar tempos de muxido, “achegará innovación á xestión da

► “DE TODAS AS CRISES SE PODEN EXTRAER COUSAS POSITIVAS. CANTO MÁIS DIFÍCIL LLO POÑEN A UN, MÁIS SE FORTALECE”


gandería porque leva incluído un sistema de identificación dos animais, con detector de celos e marcadores de ruminación e actividade”.

Con vistas xa neste avance que mellorará, aínda máis, a súa gandería, Alberto Iglesia reconece as dificultades que terá que sortear, xa non só o sector gandeiro, senón toda a sociedade en xeral, pero tamén confía en saír reforzado destas novas ameazas: “De todas as crises se poden extraer cousas positivas. Canto máis difícil llo poñen a un, máis se fortalece”. ■




Variedades de MILLO recomendadas para ENSILAJE en GALICIA

Sciello



Isia




Scoff



Ilustrado



Conbrio



Expresión vegetal

www.rocalba.com